

26 de maio de 2011

## COMUNICADO AOS SOCIOS

Estimados/as compañeiros/as,

Como sabedes a través da prensa e dos correos electrónicos que vos chegaron, hai uns días, recibimos unha chamada de convocatoria para a constitución dun Foro de Atención Primaria ante a situación de agravio cara nós, os médicos de AP, polo tema do complemento de produtividade variable (CPV) do ano 2010 e polas expectativas desastrosas para o ano 2011, dada a redacción inicial do chamado Acordo de xestión 2011 (pois na práctica foi enviado ás xerencias coa mensaxe de que era inamovible).

Dada a prexa da situación, acudimos á convocatoria na que, para a nosa sorpresa, estabamos as tres sociedades de medicina de AP, a Sociedade de Pediatría, o Colexio Médico e dous sindicatos: CEMS e OMEGA. Advertimos ás persoas convocantes do problema que podía suscitar convocar a dous sindicatos (cando non cremos que os temas do Acordo de xestión sexan sindicais) e non o abrir ao resto das forzas sindicais ou a outras organizacións que loitaron pola AP.

Despois dunha lamentable reunión na Consellería, onde se puido comprobar a equivocación de mesturar os temas sindicais cos profesionais e de falar entre os membros da Xunta Directiva, tomamos a decisión de abandonar o Foro de Médicos de Atención Primaria, por entender que non é un órgano axeitado para o debate dos problemas profesionais e que se se abre a outro tipo de cuestións laborais non ten sentido que se exclúan as organizacións que demostraron con claridade e valentía un maior apoio á Atención Primaria que as que están representadas no dito foro. Transmitimos esta decisión ao noso presidente de SEMFYC, Josep Basora (dado que existe un mesmo foro a nivel nacional) e mostrounos o seu apoio e a súa comprensión coa nosa decisión.

Un cordial saúdo,

Asina:

**A Xunta Directiva da AGAMFEC**